

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA
FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE**

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO 29 DE SETEMBRO DE 2014

Acórdase por asentimento:

- (i) Aprobar a acta da reunión anterior (10-IX-2014) ¹.
- (ii) Revisar e convalidar o Autoinforme provisional de seguimento do Máster universitario en Avogacía da Universidade de Vigo do curso académico 2013-2014².
- (iii) Adoptar as seguintes resolucións en relación cos Traballos de Fin de Mestreo:

a. Aprobar as solicitudes presentadas de proposta de Traballos de Fin de Máster para o curso académico 2014-2015³, delegando na Sra. Coordinadora a aprobación da solicitude da alumna Dna. Miriam Varela Méndez, que a comisión considera que debe cambiar o título da súa proposta temática “El divorcio derivado de la violencia de género” e a aprobación da solicitude da alumna Dna. Patricia Nuñez González, “El derecho de desistimiento del consumidor”, que non foi axeitadamente presentada ao non ser aínda confirmada pola titora que a alumna propón -a Prof.^a Dra. Ana M.^a Tobío Rivas-.

b. Nomear, tras o sorteo dos membros do tribunal avaliador, o seguinte tribunal avaliador do TFM para o curso académico 2014-2015:

Tribunal titular:

- 1. Presidente: Prof. Dr. Roberto O. Bustillo Bolado -sector docentes con vinculación permanente á Universidade de Vigo con docencia no mestrado-.
- 2. Vogal: D. Miguel Ángel González Trigás -sector avogados/a s con docencia no mestrado-.
- 3. Secretaria: Prof.^a Dra. Mónica Siota Álvarez -sector docentes con vinculación permanente á Universidade de Vigo con docencia no mestrado-.

Suplentes:

Sector docentes con vinculación permanente á Universidade de Vigo con docencia no mestrado:

1^a suplente: Prof.^a Dra. Marta Fernández Prieto.

2^a suplente: Prof.^a Dra. Francisca Fernández Prol.

Sector avogados/a s con docencia no mestrado:

1^o suplente: D. Ángel María Fernández Cebrián.

c. Asignar o Salón de Graos do Edificio Xurídico-Empresarial como aula na que se desenvolverá o acto de presentación pública do TFM na primeira e a segunda oportunidade de avaliación do curso académico 2014-2015.

¹ Achégase copia da acta aprobada.

² Achégase copia do Autoinforme provisional convalidado.

³ Achégase relación das solicitudes presentadas.

(iv) Modificar o PAT do curso académico 2014-2015 a fin de incluír unha titorización académica para os alumnos de primeiro curso a cargo de docentes do mestrao con vinculación permanente á Universidade de Vigo, delegando na Xunta de Facultade a asignación de titores do PAT de primeiro curso, e asignar como titores do PAT para os alumnos de segundo curso aos titores dos despachos nos que cada alumno realiza as prácticas profesionais –orientación cara á práctica profesional- e aos titores asignados para o TFM –orientación académica-.

(v) Modificar a listaxe definitiva de asignación de despachos para a materia Prácticas Externas para o curso académico 2014-2015, a fin de asignar á alumna D^a. Ariana Santos Balvís ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, como se previu inicialmente, e a Sociedade Téxtil Lonía (PURIFICACION GARCIA) 32792 Pereiro de Aguiar (OURENSE) e non á Cámara de Comercio de Vigo.


(vi) Instar, á luz da consulta realizada á Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións e para garantir o dereito dos alumnos a recibir a docencia correspondente, a recuperación da docencia dos días que coincidan con permisos por asuntos persoais, sempre que resulte posible, mediante un intercambio con outro profesor da mesma materia na asignación de días e horas inicialmente realizada no cronograma da materia aprobado pola CAM.

Ourense, 1 de outubro de 2014

A SECRETARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA

Máster universitario en Avogacía
Facultade de Dereito

Universidade de Vigo


Marta Fernández Prieto

* A acta da reunión de 10-IX-2014, o Autoinforme provisional de seguimento do Máster universitario en Avogacía da Universidade de Vigo do curso académico 2013-2014 e a relación das solicitudes presentadas de proposta de Traballos de Fin de Máster para o curso académico 2014-2015 poden consultarse na Secretaría do Decanato.